



**BASES REGULADORAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA A  
CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL NA CATEGORÍA PROFESIONAL DE  
TÉCNICO/A SUPERIOR DE EDUCACIÓN INFANTIL PARA A ESCOLA INFANTIL  
MUNICIPAL DE MONDARIZ BALNEARIO.**

**Exposición de motivos.**

O Concello de Mondariz Balneario é unha entidade pública titular da Escola Infantil Municipal, que atende a nenos e nenas de 0 a 3 anos. Dita instalación debe estar dotada do persoal necesario en todo momento para o seu funcionamento, cumprindo cos ratios e necesidades establecidas no Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia na Comunidade Autónoma de Galicia. Ao longo de cada exercicio económico, o Concello de Mondariz Balneario, vese necesitado da contratación de persoal temporal para cubrir os postos de traballo que por diversas circunstancias sexa necesario cubrir en devandita instalación. A constitución da presente bolsa de traballo ten por finalidade establecer un procedemento áxil para a inmediata posta a disposición da Escola Infantil Municipal, persoal capacitado necesario para a correcta prestación do servizo, con carácter temporal e sempre que non se conte para iso con persoal propio. Respectando en todo caso as dispoñibilidades orzamentarias do Concello de Mondariz Balneario, para adaptar a contratación laboral á legalidade vixente, de conformidade coa Lei de Orzamentos Xerais do Estado, considerando a existencia de necesidades urxentes e inaprazables que fan imprescindible a contratación laboral temporal, afectando a devandito servizo público.

**I. DISPOSICIÓNS XERAIS**

**Base Primeira. Obxecto.**

1. As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de selección para a creación dunha Bolsa de Traballo para a contratación de persoal laboral que co carácter temporal que sexa necesario para cubrir as necesidades de persoal da Escola Infantil Municipal correspondentes á categoría profesional de Técnico/a Superior de educación infantil, a condición de que se requira unha cobertura áxil ou urxente para atender dita demanda.
2. A través deste proceso selectivo constituirase unha Bolsa de Traballo para a Escola Infantil Municipal.
3. Fóra daqueles supostos nos que en virtude dunha subvención outorgada ao efecto ou outra normativa de referencia así o estableza, a presente bolsa de traballo será a canle única de selección de persoal laboral de carácter temporal dentro do perfil profesional sinalado.

**Base Segunda. Supostos de aplicación e características do contrato.** As necesidades de persoal de carácter temporal correspondente á categoría sinalada que poderán ser cubertas mediante un dos candidatos integrados na Bolsa de Traballo serán aquelas que se produzan





## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

como consecuencia dalgúns dos supostos seguintes:

- a) Substitución de persoal laboral en situación de incapacidade temporal.
- b) Substitución de persoal laboral durante os períodos de permiso por maternidade, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou permiso por paternidade.
- c) Substitución de persoal laboral en situación de excedencia, comisión de servizos con dereito a reserva de posto ou situación de servizos especiais.
- d) Substitución de persoal laboral vítima de violencia de xénero que suspendan o seu contrato de traballo no termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
- e) Substitución de persoal laboral que accedan á xubilación parcial.
- f) Substitución do persoal laboral para completar a xornada reducida (por causas legais ou convencionais) por outro/a traballador/a da Escola Infantil Municipal.
- g) ) Substitución de persoal laboral por vacacións e días de asuntos propios.
- h) Por circunstancias da produción por incremento ocasional e imprevisible e oscilacións da demanda, mesmo da actividade normal da Escola Infantil Municipal, que xeren un desaxuste temporal entre o persoal dispoñible e a que se require. A duración deste contrato será de máximo 6 meses.
- i) Por circunstancias da produción para atender situacións ocasionais, previsibles e que teñan unha duración reducida e claramente delimitada, por un máximo de 90 días non continuados no ano natural.

2. O contrato temporal celebrarase a xornada completa excepto:

- a) Que o traballador substituído estivera contratado a tempo parcial.
- b) Que se realice para complementar a xornada reducida dos/as traballadores/as que exercitaron tal dereito.

3. A xornada de traballo a tempo completo establecerase segundo normativa podendo ser as xornadas de cada traballador/a continua ou partida en horario de mañá ou tarde, e podéndose fixar xornadas de luns a venres, segundo as necesidades de cada servizo, sen prexuízo do descanso semanal. A xornada de traballo a tempo parcial poderá ser continuada ou partida en horario de mañá, ou de tarde, e podéndose fixar xornadas de luns a venres, segundo as necesidades de cada servizo, sen prexuízo do descanso semanal.

4. O contrato de substitución extinguirase por reincorporación do traballador ou por finalización da causa que deu lugar á reserva do posto de traballo. O contrato de substitución ao que se refire a letra e) se extinguirá cando o traballador ao que se substitúe alcance a idade establecida no apartado 1 do artigo 166 da Lei Xeral da Seguridade Social ou transitoriamente as idades previstas na disposición vixésima de devandita Lei. Os contratos temporais por circunstancias da produción extinguiránse polo transcurso dos prazos legais.

## II. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.





## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

### **Base Terceira. Requisitos dos solicitantes.**

1. Poderán formar parte do procedemento selectivo para a constitución dunha Bolsa de Traballo para a Escola Infantil Municipal os/as solicitantes que reúnan os seguintes requisitos xerais:

a) Ter a nacionalidade española ou nacionalidade de un Estado membro da Unión Europea ou estranxeiro segundo o previsto no Art. 10.2 da Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, e a súa lexislación de desenvolvemento.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por límites físico ou psíquico que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

d) Non ser separado do servizo de calquera das Administracións Públicas mediante expediente disciplinario, nin acharse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos. En caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhábil.

e) Con respecto á titulación requírese estar en posesión da titulación de Técnico Superior en Educación Infantil ou estudos regrados e oficiais de similar equivalencia, ou ben o Grao en Mestre de educación infantil ou estudos universitarios de similar equivalencia, ou estar en condicións de obtelos na data en que se termine o prazo de presentación de instancia.

f) Non estar inscrito no Rexistro Central de Delinquentes Sexuais, que depende do Ministerio de Xustiza. Todos os requisitos e condicións enumerados nos apartados anteriores, deberán reunirse na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante a vixencia da relación con este Concello.

### **Base Cuarta. Solicitudes e lista de admitidos.**

1. No prazo de 5 días hábiles desde a publicación das presentes Bases no Boletín Oficial da Provincia os interesados para participar no presente proceso selectivo poderán presentar a solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Mondariz Balneario, sen prexuízo do establecido no art.16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Estas bases publicaránse tamén na web e no Taboleiro de Edictos do Concello.

2. A solicitude, asinada pola persoa interesada ou polo seu representante legal, formularase en instancia normalizada adxunta como Anexo I, e acompañarase da seguinte documentación:

- Documento Nacional de Identidade ou documento equivalente.
- En todo caso, titulación esixida na letra e) da Base terceira, ou resgardo de habela solicitado.
- Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais e non atoparse inhabilitado para o exercicio da función pública.





## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

- Certificado negativo do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais, que depende do Ministerio de Xustiza.
- Relación de méritos que se alegue.
- En todo caso, informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, con expresión do grupo de cotización e dos períodos cotizados.
- No seu caso, para acreditar a experiencia laboral no sector público, será necesario presentar orixinal ou fotocopia compulsada de certificados ou documento que corresponda, segundo proceda, dos servizos prestados, con indicación da especialidade e categoría profesional, data de inicio e finalización.
- No seu caso, para acreditar a experiencia laboral no sector privado e por conta allea, será necesario presentar ademais orixinais ou fotocopias compulsadas dos contratos de traballo nos que conste a categoría profesional e especialidade dos postos desempeñados. En defecto de contrato, poderá presentarse certificado de empresa. Si existise contradición entre o contrato e o informe de vida laboral en canto á categoría laboral, estarase á definición que por este concepto figure no contrato laboral. En caso de omitirse a categoría laboral no contrato estarase ao grupo de cotización que figure no informe de vida laboral.

3. Expirado o prazo de presentación de instancias, o órgano competente ditará resolución aprobando as listas provisionais de admitidos e excluídos, que serán publicadas no Taboleiro de Anuncios deste Concello así como na páxina web municipal ([www.mondarizbalneario.es](http://www.mondarizbalneario.es)), concedendo un prazo de 3 días para a subsanación de solicitudes e presentación de reclamacións. Si transcorrese o devandito prazo sen que se formule reclamación algunha, a lista elevarase a definitiva automaticamente sen necesidade de nova resolución nin publicación. Así mesmo, xunto á publicación das listas provisionais será obxecto de publicación a composición do Tribunal Calificador nomeado de conformidade coa base quinta, contra cuxos membros se poderá presentar no mesmo prazo de 3 días hábiles solicitude de recusación ou abstención. Terminado o prazo de 3 días para posibles alegacións, procederase á aprobación da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo, a cal será obxecto de publicación no taboleiro de Anuncios deste Concello e na páxina web municipal ([www.mondarizbalneario.es](http://www.mondarizbalneario.es)).

### **Base Quinta. Tribunal Calificador.**

1. O Tribunal Calificador será nomeado mediante Decreto de Alcaldía, axustándose a súa composición aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderá, na medida do posible, á paridade entre muller e home, de conformidade co artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2. O órgano de selección estará composto polo Presidente e tres vocais, e un Secretario.

3. Todos os membros do Tribunal de Selección deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o ingreso na praza convocada e haberán de ser funcionarios de carreira





## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

ou persoal laboral fixo que pertencen ao mesmo grupo/subgrupo ou grupos/subgrupos superiores de entre os previstos no artigo 76 del Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, con relación á titulación esixida para a categoría profesional a que se refire o procedemento de selección.

4. A pertenza ao Tribunal Calificador será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

5. Nomeamento dos membros/as do Tribunal Calificador:

- **Presidenta:** María José López Rodríguez. Directora Escola Infantil Municipal Concello Mondariz Balneario.  
Suplente: Leticia Vivian García Ramos. Mestra Ed. Infantil Concello Ponteareas.
- **Vocais:** Gema Fernández Pita. Técnica Ed. Infantil Concello Mondariz Balneario.  
Noelia Rodríguez Castro. Técnica Ed. Infantil Concello Mondariz Balneario.  
Lourdes Fernández Pérez. Técnica Ed. Infantil Concello Mondariz Balneario.  
Suplentes: Laura Osorno Iglesias. Técnica Ed. Infantil Concello Ponteareas.  
Lorena Iglesias Gómez. Técnica Ed. Infantil Concello Ponteareas.  
Ana Celia Barcia Rodríguez. Arquitecta técnica Concello Mondariz Balneario.
- **Secretaria:** María Julia Souto Taboada. Traballadora Social Concello Mondariz Balneario.  
Suplente: Diego Lugilde López. Administrativo tesorero Concello Mondariz.

6. A Presidencia coordinará a realización do proceso selectivo e dirimirá os posibles empates nas votacións co seu voto de calidade. Todos os membros do Tribunal terán voz e voto.

7. Os membros do Tribunal Calificador deberán de absterse de formar parte do mesmo cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, comunicándoo á Alcaldía. Tampouco poderán ser nomeados membros dos mesmos, quen realizase tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas no cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal de Selección cando entendan que se dan as circunstancias reguladas no artigo 24 da citada Lei.

8. A solicitude do Tribunal Calificador poderá disporse a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas. Devanditos asesores colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto.





## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

9. Cando o número de aspirantes así o aconselle, o Tribunal Calificador poderá designar colaboradores administrativos, que baixo a supervisión do Secretario do Tribunal permitan garantir un áxil e adecuado desenvolvemento do proceso selectivo.

10. O procedemento de actuación do Tribunal axustarase ao disposto nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

11. Contra os actos e decisións do Tribunal Cualificador incluídas as peticións para a revisión de cualificacións, así como as que imposibiliten a continuación do procedemento para o interesado ou produzan indefensión e fúndense en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderase interpor polo interesado recurso de alzada ante o Alcalde do Concello de Mondariz Balneario, de conformidade co establecido no artigo 121.1º da citada Lei 39/2015, de 1 de outubro, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

### **Base Sexta. Procedemento Selectivo.**

1. O procedemento para a selección dos aspirantes a integrar a Bolsa de Traballo será o sistema de concurso de méritos.

2. O concurso consistirá nunha valoración dos méritos alegados, até un máximo de 20 puntos, referidos á experiencia profesional e a formación dos aspirantes.

2.1. Experiencia profesional. Máximo de 10 puntos.

Valorarase o desempeño de funcións idénticas, con igual ou superior nivel á especialidade ofertada, até un máximo de 10 puntos, distinguíndose en función da seguinte relación:

a) Na Administración Pública, empresa pública ou privada: 0,50 puntos por cada mes de servizos prestados.

2.2. Superación de exercicios de procesos selectivos celebrados para o acceso como persoal funcionario (de carreira ou interino) ou como persoal laboral (fixo ou temporal) na praza de Técnico/a de educación infantil en procesos selectivos convocados por calquera das Administracións públicas territoriais. Máximo de 6 puntos.

A superación dun proceso selectivo valorarase con 3 puntos.

A superación dun exercicio do proceso selectivo valorarase con 1 punto.

2.3. Realización de cursos ou xornadas relacionadas co contido do Posto de Traballo: Máximo de 3 puntos.

- Cursos de duración menor a 20 horas: 0,10 puntos por curso.

- Cursos de duración entre 20 e 30 horas: 0,20 puntos por curso.





## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

- Cursos de duración entre 31 e 40 horas: 0,30 puntos por curso.
- Cursos de duración entre 41 e 50 horas: 0,40 puntos por curso.
- Cursos de duración entre 51 e 80 horas: 0,50 puntos por curso.
- Cursos de duración entre 81 e 100 horas: 0,80 puntos por curso.
- Cursos de duración superior a 100 horas: 1 puntos por curso.

2.4. Estar en posesión da titulación de Grao en Mestre de educación infantil ou estudos universitarios de similar equivalencia. Non se valorará cando dita titulación se presente como requisito dos/as solicitantes para formar parte do presente procedemento selectivo, segundo a Base Terceira, Apartado e) das presentes bases. Valorarase con 1 punto.

GALEGO.- Os/as aspirantes, xunto coa solicitude, deberán acreditar estar en posesión do título CELGA 4 ou equivalente homologado segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I.

A posesión do título referido, deberá comunicarse no prazo regulamentario de presentación de instancias.

O/a aspirante que non o acredite deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

En caso de empate, a orde establecerase atendendo en primeiro lugar a favor do aspirante que obtivese máis puntuación na experiencia profesional, de persistir o empate, no que obtivese maior puntuación en cursos de formación, e en último caso a favor de quen teña máis idade.

Unha vez realizada a valoración de méritos polo Tribunal, dítase resolución provisional que será publicada no taboleiro de Anuncios deste Concello e na páxina web municipal ([www.mondarizbalneario.es](http://www.mondarizbalneario.es)), indicando a valoración correspondente. Os aspirantes disporán dun prazo de 3 días para formular calquera reclamación sobre a puntuación obtida, resoltas as cales, si as houberse, publicarase a orde de cualificación definitiva no taboleiro de Anuncios deste Concello e na páxina web municipal ([www.mondarizbalneario.es](http://www.mondarizbalneario.es)). Utilizarase a lista resultante coa orde de puntuación nela establecida como Bolsa de Traballo.

#### **IV. FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE TRABALLO.**

##### **Base Sétima. Chamamento para incorporación dun aspirante.**

1. Cando as necesidades do servizo así o requira e en calquera dos supostos aos que se refire a Base Primeira, se procederá sempre ao chamamento do candidato da Bolsa de Traballo con maior cualificación na mesma e por estrita orde na mesma. No entanto, será posible a selección directa dun candidato da Bolsa que substitúa a un empregado público cando o chamamento se produza polo mesmo feito causante e nun prazo menor a un mes entre a finalización da contratación precedente eo novo chamamento. No caso de que sexa chamado un





## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

candidato da bolsa no suposto ao que fai referencia a letra e) do parágrafo primeiro da Base Segunda, comprobarase que o candidato se atopa inscrito como demandante de emprego. En caso contrario procederase a sucesivos chamamentos até o cumprimento por un candidato de devandita condición.

2. Sen prexuízo do establecido para o procedemento de urxencia, na comunicación da oferta de traballo temporal utilizarase calquera procedemento que garante a constancia escrita, electrónica ou telefónica da súa recepción, tendo en conta as formas de comunicación cuxa preferencia sexa determinada polos candidatos como preferentes.

3. O aspirante chamado disporá, como regra xeral, de vinte e catro horas naturais desde a súa recepción para aceptar ou rexeitar a oferta. Cando se efectúe por medios electrónicos, será de aplicación o disposto no artigo 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. En caso de non existir resposta do aviso, entenderase que se renuncia ao posto e poderase chamar ao seguinte candidato da lista.

### **Base Oitava. Formalización do contrato ou resolución de nomeamento.**

1. Obtida a conformidade do interesado chamado, o órgano competente procederá a ditar resolución na que se dispoña a formalización do contrato, con expresión da categoría profesional, tipo de contrato, porcentaxe de xornada e demais determinacións establecidas pola lexislación laboral.

2. Así mesmo, no expediente tramitado deixarase expresa constancia das variacións producidas na Bolsa de Traballo.

3. As Seccións Sindicais con representación no Concello de Mondariz Balneario poderán, previa solicitude, coñecer e acceder á información relativa ao estado das Bolsas, sen prexuízo das precaucións que sexan necesarias de conformidade coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

### **Base Novena. Procedemento urxente.**

1. Considerarase procedemento urxente cando o tempo para a incorporación ao posto, sen contar sábados e festivos, sexa inferior a 24 horas.

2. O chamamento para a incorporación dun aspirante neste caso efectuarase telefonicamente. De non ser localizado o primeiro integrante da lista, procederase a chamar aos seguintes aspirantes.

3. A falta de contestación telefónica dun candidato da lista para a súa incorporación non será considerada como renuncia, conservando o seu posto na mesma para próximas incorporacións.







## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

### **Base Décima. Causas de exclusión da Bolsa de Traballo.**

1. A exclusión dun aspirante da Bolsa de Traballo producirase por algún dos seguintes supostos:

- a) Solicitude expresa, na que se fará constar o tempo polo que se solicita a exclusión.
- b) Rexeitamento de oferta de traballo adecuada por causa non xustificada.
- c) Falta de incorporación ao seu posto de traballo trala aceptación da oferta por causa non xustificada, excepto o rexeitamento a un chamamento efectuado polo trámite de urxencia.
- d) Non superación do período de proba.
- e) Por ser sancionado, con carácter firme, por unha falta tipificada como grave ou moi grave.
- f) Si trala finalización dun contrato, o interesado xera dereito a paro.

2. A estes efectos enténdese como causa xustificativa do rexeitamento da oferta ou da falta de incorporación por algún dos seguintes motivos:

- a) Enfermidade do candidato que lle impida o desempeño do posto de traballo, sempre que sexan debidamente acreditadas mediante certificado médico.
- b) Maternidade ou paternidade, dentro do período legalmente establecido para o goce do permiso debido a devandita situación.
- c) As contratacións noutra empresa ou o nomeamento na Administración.
- d) Alta no réxime de autónomos.
- e) Coidado de familiares dependentes, que sexan debidamente acreditadas, anteriores á data na que se realiza a oferta ou se produce a incorporación.

3. A exclusión, segundo o motivo, terá unha duración de:

- a) Polo tempo que conste na solicitude si está motivada pola causa 1.a) da presente base.
- b) Por un ano, si está motivada polas causas 1.b) e 1.c) da presente base. Transcorrido devandito prazo, o interesado deberá solicitar o reingreso na lista.
- c) De maneira definitiva, si está motivada polas causas 1.d) e 1.e) da presente base.
- d) Por seis meses, si está motivada pola causa 1.f) da presente base. Transcorrido devandito prazo, o interesado deberá solicitar o reingreso na lista.

**Base Undécima. Vixencia da Bolsa.** A Bolsa de Traballo resultante deste proceso de selección de persoal estará vixente até a posta en marcha dun novo proceso que a substitúa, actualice ou modifique.

**Base Duodécima. Actualización da Bolsa.** Anualmente abrírase un período, do día 20 ao 30 de marzo de cada ano, para a actualización de méritos e a presentación de novas solicitudes, que se publicará na páxina web do Concello, o taboleiro de edictos, e a sede electrónica do Concello de Mondariz Balneario. As solicitudes presentadas serán valoradas seguíndose o procedemento establecido nas presentes bases. Os/as solicitantes pasarán a ocupar o lugar que lles corresponda na lista segundo a puntuación obtida. A nova lista conformada constituirá a





## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

Bolsa de Traballo.

**DISPOSICIÓN DEROGATORIA** . Coa entrada en vigor da presente Bolsa de Traballo quedan derogadas todas as bolsas existentes para a categoría especificada da Escola Infantil Municipal.

**DISPOSICION FINAL ÚNICA.** As presentes Bases, a convocatoria e cantos actos administrativos se deriven da mesma, poderán, no seu caso, ser impugnados polos interesados na forma disposta na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e demais normas concordantes, os cales serán indicados no momento da publicación ou, no seu caso, notificación dos mesmos. Ao proceso selectivo seralle de aplicación o establecido na Lei 7/1995, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; no Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local 781/1986, de 18 de abril; no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico del Empregado Público, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### ANEXO I:

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CREACIÓN DUNA BOLSA DE TRABALLO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL PARA O CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO.

Apelidos, Nome:

DNI:

Enderezo:

Teléfono:

Correo electrónico (a efectos de notificacións):

Medio de comunicación (telefónico, notificación electrónica):

Enterado/a da convocatoria manifesta:

- Que desexa participar non procedemento de selección arriba indicado, polo que SOLICITA que sexa admitido/a a presente solicitude e a documentación que se achega coa finalidade de participar en dito procedemento.
- Non atoparse afectado/a en procedemento administrativo ou xudicial que sexa ou poida ser incompatible co exercicio das súas función así como posuír a capacidade funcional para ou desempeño das tarefas.
- Que non está incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.
- Que posúe todos os requisitos esixidos nas bases con referencia ao último día de prazo de presentación das instancias.





CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ  
BALNEARIO

- Que os seguintes documentos (indíquese cunha X ou que proceda):

- D.N.I
- Titulación requirida.
- Certificado negativo de Delitos Sexuais.
- CELGA 4.
- Relación de méritos que alega xunto cos documentos xustificativos.

..... de..... de 202....

Sinatura:

AO Sr. ALCALDE DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO.

